

FONTE: Eldiario.es

https://www.eldiario.es/politica/Junta-Electoral-Central-Pais-Facebook_0_955755472.html

A Xunta Electoral Central obriga a Más País e Vox a retirar os seus anuncios de Facebook

O órgano arbitral confirma que o tipo de publicidade que utilizaron Más País e Vox en Facebook contén unha "petición directa do voto"

A decisión parte dunha denuncia do PP recordando que os partidos non poden pedir o voto mediante "a realización de publicidade" ata que dá inicio a campaña

A semana pasada, a Xunta Electoral tamén pediu a retirada de varios anuncios de Facebook de Unidas Podemos polo mesmo motivo

Cristina Armunia Berges
23/10/2019



Íñigo Errejón, na rolda de prensa na que anunciou a súa renuncia ó escano. EFE

A Xunta Electoral central obrigou este mércores a Más País e a Vox a retirar varios anuncios de Facebook nos que, segundo o órgano arbitral, existe unha "petición directa do voto". Segundo a lexislación que regula o proceso electoral, os partidos non poden pedir expresamente o voto antes da campaña. O artigo 53 da LOREG, lembran no seu

escrito, di o seguinte: "Desde a convocatoria das eleccións ata o inicio legal da campaña, queda prohibida a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante carteis, soportes comerciais ou insercións en prensa, radio ou outros medios dixitais, non podendo xustificarse ditas actuacións polo exercicio das actividades ordinarias dos partidos, coalicións ou federacións recoñecidas no apartado anterior".

A decisión da JEC parte dunha denuncia do Partido Popular. No caso de Más País, estímase a reclamación porque "a maioría dos devanditos anuncios expresan unha petición de voto" e poñen como exemplo este extracto: "Se queremos garantir o futuro das pensións non podemos permitir que se paguen con soldos precarios. É necesario que a Constitución recoñeza a súa subida ao mesmo ritmo que o IPC. As pensións son un dereito, non un agasallo. Íñigo Errejón".

No mesmo escrito, engaden: "Atopámonos ante insercións publicitarias que conteñen unha petición do voto e que foron contratadas pola formación política denunciada infrinxindo o artigo 53 da LOREG" e que "o feito de que non se pida expresamente o voto do elector non é motivo para non considerar como propaganda electoral calquera actividade que directa ou indirectamente pretenda a captación de sufraxios".

No caso da denuncia do PP contra Vox, acusan o partido de Abascal de manter "activos diferentes anuncios, cuxa difusión fora contratada nas páxinas da sección de anuncios de Facebook". Segundo indican, devanditos anuncios "expresan unha petición do voto". E poñen como exemplo: "Hai que ir máis aló, temos que ser moitos máis. O futuro pertécenos a nós, aos patriotas, non aos globalistas nin aos separatistas. Comparte este vídeo para que o sentido común desborde as urnas o 10 N".

"Á vista do anterior, ordénase a retirada de tales insercións publicitarias publicadas na páxina que o partido político de referencia mantén en Facebook", resolve a JEC.

A semana pasada, a Xunta Electoral tamén pediu a retirada de varios anuncios de Facebook de Unidas Podemos polo mesmo motivo. Neste caso, a decisión tomouse tras unha denuncia de Cidadáns.

[tradución]